



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR.**

**FERROL**

**TRABALLO FIN DE GRADO**



**GRADO EN ENXEÑARÍA EN  
TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS**

**Título:**

**UNIDADE DE SUMINISTRO DE  
COMBUSTIBLE DE BAIXO CUSTO NO  
POLÍGONO INDUSTRIAL DE RÍO DO POZO  
EN NARÓN (A CORUÑA)**

**Autor:**

**D. DAVID VÁZQUEZ RODRÍGUEZ**

**Data:**

**XUÑO 2016**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR.**

**FERROL**

**TRABALLO FIN DE GRADO**



**GRADO EN ENXEÑARÍA EN  
TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS**

**Título:**

**UNIDADE DE SUMINISTRO DE  
COMBUSTIBLE DE BAIXO CUSTO NO  
POLÍGONO INDUSTRIAL DE RÍO DO POZO  
EN NARÓN (A CORUÑA)**

**Autor:**

**D. DAVID VÁZQUEZ RODRÍGUEZ**

**Tutora:**

**DÑA. ANA MARÍA DÍAZ DÍAZ**

**Data:**

**XUÑO 2016**

# MEMORIA E ANEXOS

## ÍNDICE DE CONTIDOS

### MEMORIA

1.	OBXECTO E CONTIDO DO PRESENTE PROXECTO.....	5
2.	ANTECEDENTES.....	5
3.	PROMOTORA DAS OBRAS .....	6
4.	AUTOR Y TUTOR .....	6
5.	SITUACIÓN DAS OBRAS .....	6
6.	INSTALACIÓNS EXISTENTES NA PARCELA.....	7
7.	PROGRAMA DE NECESIDADES DAS NOVAS INSTALACIÓNS.....	7
8.	DESCRIPCIÓN E CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA INSTALACIÓN .....	8
	• MARQUESIÑA.....	9
	• TANQUES DE COMBUSTIBLE.....	9
	• SURTIDOR.....	10
	• INSTALACIÓN ELECTROMECAÑICAS.....	10
	• PAVIMENTACIÓN.....	10
	• CUMPRIMENTO DE REQUISITOS (MATERIAIS, DISTANCIAS, ETC.) DA INSTRUCCIÓN MI IP 04 10	
	• MEDIDAS CORRECTORAS AMBIENTAIS.....	23
9.	MEMORIA URBANÍSTICA. XUSTIFICACIÓN DE CUMPLIMENTO DE PARÁMETROS E ADMISIBILIDADE DO EMPRAZAMENTO DA INSTALACIÓN.....	25
	9.1. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DE PARÁMETROS URBANÍSTICOS.....	25
	9.2 XUSTIFICACIÓN DE ADMISIBILIDADE DO EMPRAZAMENTO POR ACTIVIDADE.....	26
10.	AFECCIÓNS DA INSTALACIÓN.....	29
	10.1. AFECCIÓN URBANÍSTICA DE LA INSTALACIÓN.....	29
	10.2. AFECCIÓNS DA INSTALACIÓN A CARRETERAS.....	29
	10.3. AFECCIÓNS AMBIENTAIS DA INSTALACIÓN .....	29
11.	NORMAS E DISPOSICIÓNS DE APLICACIÓN AO PROXECTO.....	31
	• Urbanísticas.....	31
	• Específicas de Actividade, Ambientais, Seguridade e Instalacións Industriais. ....	32
	• Accesibilidade.....	33
	• Constructivas y de instalaciónes. ....	33
	• Socio-laborais e de seguridade en construción.....	35
12.	MAQUINARIA, EQUIPOS E INSTALACIÓNS .....	36

13.	INSTALACIÓN ELÉCTRICA. ALUMEADO E FORZA.....	37
14.	REDE DE TERRAS.....	37
15.	SISTEMA CONTRA INCENDIOS DA UNIDADE DE SUMINISTRO. ESIXENCIAS BÁSICAS DE SEGURIDADE EN CASO DE INCENDIO.....	38
16.	RUIDOS E VIBRACIÓNS XERADOS POLA ACTIVIDADE. MEDIDAS CORRECTORAS DE EFECTOS .....	40
17.	ESIXENCIAS BÁSICAS DE SALUBRIDADE (HS) E DISPOSICIÓNS DE SEGURIDADE E SAÚDE EN LUGARES DE TRABALLO.....	41
18.	EXIXENCIAS BÁSICAS DE SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN E ACCESIBILIDADE (DB SUA). .....	44
19.	EXIXENCIAS BÁSICAS DE AFORRO DE ENERXÍA E EFICIENCIA ENERXÉTICA: DB HE / RITE. .	47
20.	DECLARACIÓN DE ADAPTACIÓN DE LAS OBRAS E INSTALACIONES A LAS EXIGENCIAS DEL CTE. 48	
21.	RESIDUOS XERADOS, VERTIDOS E EMISIÓNS. MEDIDAS CORRECTORAS DE EFECTOS NEGATIVOS.....	48
22.	DECLARACIÓN DE CUMPRIMIENTO DE REQUISITOS SEGÚN ART. 24.1.C DA LEI 9/2013. .	48
23.	SINALIZACIÓN E ACCESOS. ....	49
24.	PRESUPOSTO DAS OBRAS. ....	51
25.	PLAZO DE EXECUCIÓN DE LAS OBRAS.....	51
26.	PRAZO DE GARANTÍA DAS OBRAS E INSTALACIÓNS. ....	51

**ANEXO 1. INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS. FORZA E ALUMEADO**

**ANEXO 2. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE NA EXECUCIÓN DAS OBRAS**

**PLANOS**

1	Situación xeral	Varias
2	Localización en Polígono Industrial “Río do Pozo”	Varias
3	Planta xeral. Estado inicial	1:350
4	Planta xeral. Estado final. Cotas e superficies	1:350
5	Planto do punto de suministro de combustible	1:100
6	Detalles da caseta e marquesiña	Varias
7	Planta xeral de circulacións e traxectorias	1:350
8	Instalación mecánica e C.I.	1:100
9.1	Instalación mecánica. Detalles	S.E.
9.2	Detalles eléctricos e de posta a terra	S.E.
10	Instalación eléctrica	1:75

11	Esquema unifilar	S.E.
12	Rede de saneamento. Separadora de grasas e hidrocarburos	1:75

## **PREGO DE CONDICIÓN E PREINSCRIPCIÓN TÉCNICAS**

### **PRESUPOSTO**

## 1. OBXECTO E CONTIDO DO PRESENTE PROXECTO

O presente proxecto de instalacións elabórase para a súa presentación como Traballo Fin de Grao para a obtención do título de Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais na Escola Politécnica Superior de Ferrol da Universidade da Coruña.

Éste ten por obxecto a definición das obras, instalación e actividade para a implantación dunha unidade de suministro de combustibles convencionais, gasóleo e gasolina, para automóbiles nunha parcela do Sector III do Polígono Industrial Río do Pozo de Narón (A Coruña).

O contido adáptase ás normas e instrucións técnicas de construción e instalacións específicas para o suministro de combustibles convencionais.

Descríbense as instalacións existentes na parcela, as de implantación das obras e instalacións para o punto de suministro de combustible e o seu funcionamento, xunto cas medidas correctoras de posibles efectos negativos da nova actividade.

Inclúense os seguintes contidos:

- a) Memoria con datos de situación da instalación, as súas características principais e relación de afeccións da instalación.
- b) Anexos técnicos e xustificacións específicas.
- c) Presuposto do conxunto das novas instalacións proxectadas: marquesina, tanques, surtidor, equipo separador de hidrocarburos, etc.
- d) Xustificación de cumprimento da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Carreteras de Galicia
- e) Lei 6/2015 de 7 de agosto, de modificación da Lei 8/2013, de carreteras.

## 2. ANTECEDENTES

Esta parcela actualmente encóntrase inutilizada, e dicir, non se realiza ningunha actividade na mesma. Sin embargo, para a realización do Traballo Fin de Grado, vamos a supoñer que nesta parcela se encontra un supermercado (utilizando o Proyecto Final de Carreira de Adrián Hermida Ameneiros) aproveitando a sinerxia destas instalacións con unha unidade de suministro de combustible. Ademais, as máis recentes disposicións en materia de liberalización de apertura de instalación de suministro de carburantes para vehículos e o feito de que a actividade complementa adecuadamente os servizos e usuarios do Polígono Industrial Río do Pozo, prantéxase a conveniencia da instalación dun punto de suministro de combustible

para automóbiles (“instalación de distribución ao por menor de produtos petrolíferos” na terminoloxía técnica), limitados ao gasóleo e gasolina de un só octanaxe cada un.



Figura I. Situación no Polígono Industrial Río do Pozo.

Ademais, este polígono comunica directamente ca autovía AG-64 Ferrol-Vilalba, a AP-9 (Autopista do Atlántico) e todas as carreteras comarcais polas que se ten acceso a él, sendo esto unha gran ventaxa.

### **3. PROMOTORA DAS OBRAS**

A promotora das obras obxecto deste proxecto é a Escola Politécnica Superior de Ferrol (Universidade da Coruña), con C.I.F. Q-6550005-J e domicilio fiscal en Campus de Esteiro, c\ Mendizábal, s\ n. 15403 Ferrol (A Coruña).

### **4. AUTOR E TUTOR**

O autor deste proxecto é o alumno David Vázquez Rodríguez. Como tutor do mesmo actuou Dña. Ana María Díaz Díaz, profesora da Escola Politécnica Superior de Ferrol da Universidade da Coruña.

### **5. SITUACIÓN DAS OBRAS**

A unidade de suministro de combustible sitúase no polígono industrial de Río do Pozo, no Sector III, no Concello de Narón (A Coruña).






Figura 2. Situación da parcela dentro do Sector III de Río do Pozo.

As comunicacións das que dispón o polígono son boas. Conta con conexión directa á autopista AP-9, comunicación á autovía AG-64 e conexión directa co porto exterior de Ferrol.

Nos planos adxuntos precísase a situación e o entorno da parcela onde se emprega a construción.

## 6. INSTALACIÓNS EXISTENTES NA PARCELA

Na actualidade, nesta parcela non existe ningún edificio. Sin embargo, para a realización do Traballo Fin de Grado consideraremos que en dita parcela existe un supermercado (utilizando o TFG de un alumno da EPS Ferrol) para darlle maior sentido á realización deste proxecto, polo tanto, considerando que non temos que comezar de cero todas as instalacións.



Figura 3. Vista en planta da situación actual da parcela.

## 7. PROGRAMA DE NECESIDADES DAS NOVAS INSTALACIÓNS

Prantéxanse as seguintes condicións do programa de necesidades:

- Adaptación á normativa técnica de aplicación MI IP 04.
- Adaptación a parámetros urbanísticos da parcela de emprazamento.
- Mantemento e non afección no posible das instalacións existentes.
- Simplificación constructiva.
- Cumprimento total de requerimentos ambientais.
- Disposición de 2 tanques de 30.000 l cada un para dous únicos carburantes: GO A e Gasolina SP de 95 octanos.

## 8. DESCRIPCIÓN E CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA INSTALACIÓN

En primeiro lugar debe indicarse que debido á previsión de distribución de dous únicos carburantes, Gasóleo A (GO A) e Gasolina Sin Plomo 95 (SP 95), de acordo co artigo 2 do Real Decreto 1905/1995, de 24 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para a distribución a por menor de carburantes e combustibles petrolíferos en instalacións de venda ao público e se desenvolve a disposición adicional primeira da Lei 34/1992, de 22 de decembro, de ordenación do sector petrolero, **a instalación non pode tener a consideración de estación de servizo sinón só de unidade de suministro.**

A instalación a construír e operar consiste nunha pequena unidade de suministro de carburantes para vehículos, Gasolina 95 + Gasóleo A, a emplazar nunha parcela do sector 3 do Polígono Industrial Río do Pozo de Narón (A Coruña).

A instalación contará cos seguintes elementos principais:

- Marquesiña metálica de cubrición de zona de operacións e protección do surtidor e local de control.
- Isleta.
- 1 Surtidor multiproductos de 4/6 mangueras.
- Local de control.
- 2 Tanques enterrados de dobre corpo de chapa + polietileno, de 30.000 l c.u..
- Instalacións electromecánicas para funcionamento: bombas, tuberías, bocas antiderrame, recuperación de vapores, etc..
- Instalación de electricidade: forza + alumbrado.
- Instalación de protección contra incendios.

- Pavimentación adaptada, incluíndo delimitación perimetral da zona de operacións mediante rexilla para captación de augas e vertidos potenciais.
- Arqueta separadora de grasas e hidrocarburos homologada para vertidos de concentración  $\leq 5$  p.p.m HC.
- Sinalización viaria, horizontal e vertical.

A descripción das instalacións proxectadas é a seguinte:

- **MARQUESIÑA**

A marquesiña é unha estrutura metálica de cubrición da área de suministro.

A súa función é unicamente de protección fronte a inclemencias de tempo (sol, choiva) tanto do surtidor e isleta de situación como da área de carga e operación de clientes. Naturalmente, é unha construción totalmente aberta.

A cuberta ten unha superficie rectangular de 11,33 x 7,21 m x m con unha superficie de 81,69 m<sup>2</sup>.

A súa altura libre non será inferior a 4,50 m para permitir o suministro a vehículos de calquera gálibo admisible.

A marquesiña queda definida dimensionalmente nos planos.

- **TANQUES DE COMBUSTIBLE**

Dispónse das seguintes unidades e capacidades:

- 1 tanque de 30.000 l de capacidade, de Gasóleo A de Automoción.
- 1 tanque de 30.000 l de capacidade, de Gasolina SP 95 octanos.

Os tanques serán enterrados polo requerimento do Cap III da MI IP 04 por servir a terceiros, e irán anclados mediante non menos de 3 flexes ou cinchas cada un a unha lousa inferior de formigón HA-25 de 21 cm de espesor, armada con parrilla de aceiro B 400 S # Ø 6 a 15 x 15 cm.

A súa ubicación e disposición, enterrada, sitúase próxima aos surtidores e protexida a súa vez das cargas de tráfico superior mediante recheo de area inerte e lousa superior de formigón armado en pavimento. Garantízase así a imposibilidade de ningún efecto directo nin impacto sobre os tanques.

Trátase de tanques de dobre corpo, de chapa de aceiro e polietileno exterior, cilíndricos con cabezas abombadas, asentados en camas de formigón, separados entre sí e respecto dos laterales do recinto excavado.

As súas separacións son de 0,50 m entre tanques e  $\geq 1,0$  m ao borde de excavación. Disponanse das necesarias tubuladuras, instalacións e equipos electromecánicos e hidráulicos para o seu funcionamento.

- **SURTIDOR**

Disponase de 1 surtidor multiproducto con 4 mangueras, 2 por cada lado, para os dous combustibles Go A e G SP 95.

Empregarase unha marca e modelo de reconocido prestixio, homologada para este uso, que contará con:

- Mando con cambio de prezos por infravermellos.
- Displays LCD retroiluminados, etc.

- **INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS**

A instalación mecánica inicial realizarase en tubería de polietileno de alta densidade revestida interiormente con unións realizadas con soldadura por termofusión.

- **PAVIMENTACIÓN**

O recinto da zona de operacións pavimentarase mediante lousa de formigón, impermeable, con plans de vertido hacia o sumidoiro central para a captación de posibles derrames.

Fora da zona de operacións, os accesos ás rúas exteriores desde a parcela están pavimentados mediante formigón en zona de acera.

A arqueta da zona pavimentada de operacións para a recollida de posibles vertidos contaminados conectarase a unha fosa separadora de hidrocarburos, Fiberglass SHCI-2 homologada de clase I, que garantiza un vertido inferior a 5 p.p.m. de contido de hidrocarburos no efluente vertido a rede de saneamento.

- **CUMPRIMENTO DE REQUISITOS (MATERIAIS, DISTANCIAS, ETC.) DA INSTRUCCIÓN MI IP 04**

Resúmense seguidamente os aspectos principais requeridos de cumprimento da ITC MI-IP04, aprobada polo Real Decreto 2201/1995, de 28 de decembro e modificada polo Real Decreto 1523/1999, de 1 de outubro, polo que se modifica o Regulamento de

instalacións petrolíferas.

- Tanques: de dobre contención, de aceiro (interior) e polietileno (exterior), diseñaranse e construíranse conforme ás normas UNE-EN 976-1, UNE 53 432, UNE 53 496, UNE 62 350, UNE 62 351 e UNE 62 352.

Os tanques irán enterrados anclados a lousa inferior de formigón, en oco excavado, con recheo exterior de area inerte. A disposición de dobre parede garantiza a imposibilidade de perdas hacia o terreo do entorno.

- Tuberías e accesorios: serán de aceiro ao carbono ou plásticas, de acordo cas normas aplicables UNE 19 011, UNE 19 040, UNE 19 041, UNE 19 045 e UNE 19 046.

As unións dos tubos entre sí e de éstos cos accesorios realizaranse de acordo cos materiais en contacto e de forma que o sistema utilizado asegure a resistencia e estanqueidade, sin que ésta poda verse afectada polos distintos carburantes que conducirán, non admitíndose as unións roscadas/embridadas salvo en unións con equipos ou que podan ser permanentemente inspeccionables visualmente.

As conduccións terán o menor número posible de unións no seu recorrido, que poderán realizarse mediante sistemas desmontables e/ou fixos. As unións desmontables deberán ser accesibles permanentemente.

- Conexións: A carga ou enchido de tanques realizarase con tubería por gravidade de pendente mínima do 1 %, con conexións formadas por dous acoplamentos rápidos abertos, un macho e outro femia, para que por medio destes se podan realizar transferencias dos carburantes e combustibles líquidos de forma estanca e segura. O acoplamento garantizará a súa fixación e non permitirá un desacoplamento fortuito.

- Ventilación: os tanques dispoñen dunha tubería de ventilación dun diámetro interior mínimo de 40 mm, provista na súa saída dunha protección contra a entrada de produtos ou obxectos extraños. A evacuación dos gases non provoca sobrepresión nos tanques. No noso caso temos tuberías de ventilación de 2", é dicir, sobre 5 mm aproximadamente. Protexerase a saída da ventilación cunha reixa apagachamas e terá unha altura mínima de 3,50 m sobre o nivel do chan.

- Extracción dos produtos dos tanques: a extracción do produto de cada tanque realízase por aspiración, cunha tubería de extracción dimensionada de acordo ao caudal de suministro dos equipos correspondentes.
  
- Protección contra corrosión das tuberías: dispónse dunha protección pasiva nas tuberías enterradas contra a corrosión pola agresividade e humidade do material de recheo exterior aos tanques mediante unha capa de imprimación antioxidante e revestimentos inalterables aos hidrocarburos que aseguren unha tensión de perforación mínima de 15 kV.  
Ademais, os tanques disporán dunha protección activa mediante conexión a rede xeral de terras de cobre desnudo.  
Tódalas tuberías metálicas levarán posta a terra.
  
- Área das instalacións: as circulacións no interior da instalación de suministro de combustible diseñáronse asegurando que as manobras de aproximación, posicionamento e saída se realicen sin manobras especiais e con máxima atención ao escape de emerxencia do camión cisterna (ver plano de planta e traxectorias).
  
- Instalación de tanques: os tanques instalaranse de acordo ca norma UNE-EN 976-2 e UNE 109502.  
Ao ser os tanques de dobre corpo enterrados, disporán dun sistema de detección de fugas con tubo buzo poroso, que permita a súa inspección periódica para verificación das posibles fugas.
  
- Distancias a edificacións: a situación con respecto a fundacións de edificios e soportes é tal ( $\geq 1,50$  m en todo caso) que as súas cargas non se podan transmitir aos recipientes.  
En todo caso, a distancia desde calqueira parte dos tanques aos límites da propiedade é superior aos 12 m, e por tanto non inferior a medio metro.  
A distancia mínima entre o límite das zonas clasificadas de superficie, establecidas no capítulo VI da ITC MI IP 04, aos límites da propiedade é maior de 5 metros.
  
- Instalación de tuberías: realizarase a instalación, enterramento, probas de

tuberías, etc., previstas na MI IP 04.

- Distancia entre instalacións no exterior de edificacións e entre recipientes: as distancias mínimas entre as diversas instalacións que compoñen un almacenamento e de éstas a outros elementos exteriores non poderán ser inferiores aos valores obtidos pola aplicación do procedemento do punto 15.1 da MI IP 04.

1. Unidade de proceso.
2. Estación de bombeo.
3. Tanques almacenamento clases C (paredes del tanque).
4. Estacións de carga clases C.
5. Balsas separadoras.
6. Fornos, caldeiras, incineradores.
7. Edificios administrativos e sociais, laboratorios, talleres, almacéns e outros edificios independentes.
8. Estacións de bombeo de agua C.I.
9. Límites de propiedades exteriores nas que podan edificarse e vías de comunicación pública.
10. Locais e establecementos de pública concurrencia.

CUADRO I  
Distancia en metros entre instalaciones fijas de superficie en almacenamientos con capacidad de 250 m<sup>3</sup>

	1						
2	10	2					
3	15	7,5(1)	3				
4	15	10(2)	5(3)	4			
5	15	7,5(2)	5	5	5		
6	—	15	7,5	5	15	6	
7	—	10	7,5	5	10	—	
8	—	10	7,5	7,5	10	10	
9	—	10	7,5	10	10	—	
10	—	15	15	15	20	—	

CADRO II.

Coefficientes de reducción por capacidad

Capacidad total - m <sup>3</sup>	Coefficiente reducción
Q = 250	1
250 > Q >= 100	0,7
100 > Q >= 50	0,4
50 > Q >= 5	0,2
250 > Q	0,15

CADRO III.

Reducción das distancias entre instalacións fijas por proteccións adicionais ás obligatorias

Medidas o sistemas de protección adoptados		Coefficiente de reducción
Nivel	Cantidad	
0	—	1,00
1	Una	0,75
1	Dos o más	0,50
2	Una o más	0,50

Considerando unha distancia básica de 7,50 m, e un coeficiente de reducción de valor 0,4, correspondente a unha capacidade total de almacenamento de 100 > Q

□ 50, (según o

cadro II) e sin coeficiente de redución por protección adicionais ás obrigatorias (cadro III), resulta unha distancia entre paredes dos tanques e edificios administrativos, talleres, almacéns e outros edificios independentes, estacións de bombeo de auga contra incendios e límites de propiedades exteriores nas que podan edificarse e vías de comunicación pública de:


- Distancia requerida =  $0,4 \times 7,5 = 3,00 \text{ m} < 6,2 = \text{dist. mínima entre tanque de G. 95 e a parcela lindante polo éste: cumpre.}$
- A distancia máis próxima entre tanques e rúa exterior é de 24,00 m: cumpre.
- Respecto de locais e establecementos de pública concurrencia:  
Dist. requerida =  $0,4 \times 15 = 6,00 \text{ m}$ . A distancia entre tanque GO A (máis cercano) e o supermercado é de 28,4 m: cumpre.
- Distancia entre recipientes:  $\geq 0,50 \text{ m}$ : cumpre.

Instalación eléctrica: realizada según ITC MI IP 04 e R.E.B.T./2002.


Aparatos surtidores: os aparatos surtidores disporán de marcado CE, cubríndose os riscos eléctricos, mecánicos, de compatibilidade electromagnética e de atmósferas explosivas.

As envolventes exteriores dos corpos dos surtidores e as de todos aqueles elementos pertencentes aos mesmos nos que se poda orixinar un escape, clasifícanse como zona 2 porque nelas; ou a atmósfera explosiva non está presente en funcionamento normal ou si o está será de forma pouco frecuente e de corta duración, ou aínda dándose as condicións anteriores, o grao de ventilación é óptimo.







ALZADO




PLANTA



ALZADO



PLANTA



ZONA 1



DETALLE "A"  
(PARA SURTIDOR)




EMPLAZAMIENTO DE CLASE I ZONA 0



EMPLAZAMIENTO DE CLASE I ZONA 1



EMPLAZAMIENTO DE CLASE I ZONA 2




CUERPO DEL SURTIDOR

ZONA 1



DETALLE "B"



ZONA 1



DETALLE "A"  
(PARA SURTIDOR)




EMPLAZAMIENTO DE CLASE I ZONA 0



EMPLAZAMIENTO DE CLASE I ZONA 1



EMPLAZAMIENTO DE CLASE I ZONA 2



DETALLE "C"




Figura 4. Detalles dos surtidores da marquesiña.

- **Conductores:** os cables utilizados na instalación adaptaranse á UNE-EN 50265 e o tipo de instalación e as intensidades máximas están de acordo cas IC MIE BT 017 ou MIE BT 026, según se trate de instalacións en zonas non clasificadas ou en zonas clasificadas con peligro de explosión.

Todas as acometidas a receptores de lonxitude superior a 5 m dispoñen dunha protección contra cortocircuitos e contra sobrecargas si estas son previsibles. Os cables serán con conductor de protección.

En alimentación trifásicas, tres fases e conductor de protección, en circuitos monofásicos, fase, neutro e conductor de protección.

Para a interconexión entre os elementos do surtidor (emisor de impulsos, solenoides, calculador, etc.), considérase suficiente a utilización de cable con cuberta exterior de PVC/policloropreno resistente aos hidrocarburos, de tipo non armado xa que ao ser IP-23 como mínimo o grado de protección mecánica do

surtidor, en condicións normais de operación, non é posible exercer accións mecánicas que podan dañar a integridade dos cables. Os labores de mantemento e reparacións realizaranse sin tensión e por persoal calificado.

- Canalizacións: As canalizacións estarán de acordo cas IC MIE BT017 ou MIE BT026, según se trate de instalacións en zonas non clasificadas ou en zonas clasificadas con perigo de explosión.

As canalizacións subterráneas, si se empregan cables armados, realizaranse en zancas recheas de area ou en tubos ríxidos de PVC.

Os tubos de aceiro serán sin soldadura, galvanizado interior e exterior e o roscado dos mesmos deberá cumprir as esixencias relativas ao tipo de execución de seguridade.

Nos puntos de transición dunha canalización eléctrica dunha zona a outra, ou dun emprazamento perigoso a outro non perigoso, así como nas entradas e saídas das envolventes metálicas de equipos eléctricos que podan producir arcos ou temperaturas elevadas, cando se empreguen tubos de aceiro, evitarase o paso de gases ou vapores inflamables realizando o selado destes pasos mediante a utilización de cortachamas.

- Rede de forza: a selección do material eléctrico realizarase de acordo co establecido na IC MIE BT 026.

- Rede de alumeado: a iluminación xeral das instalacións levarase a cabo ca máxima intensidade e amplitude que sexa posible, suplementados por aparatos locais nos puntos que se requira observación e vixilancia.

A iluminación establécese de maneira que procura a maior seguridade do personal que empregue a instalación en horario sin luz diurna, nas operacións que deban ser realizadas, e intensificada nos puntos de actuación persoal.

A instalación de alumeado realizarase, con circuitos separados para cada servizo independizando o alumbrado de marquesina dos restantes servizos da parcela, con circuito monofásico, protexido con interruptores automáticos unipolares, de 15 A máximo.

- Rede de terra: a instalación do sistema de posta a terra cumpre cas IC MIE BT 008, MIE BT 021, MIE BT 039 do Reglamento Electrotécnico de B.T.

Instalarase un sistema completo de posta a terra en toda a instalación, a fin de asegurar unha adecuada protección para:

- Seguridade do persoal contra descargas dos equipos eléctricos.
- Protección dos equipos eléctricos contra averías.
- Protección contra a inflamación de mezclas combustibles por electricidade estática.

Para elo tódalas partes metálicas dos equipos e aparatos eléctricos conectaranse a terra a través do conductor de protección. Ademais, en tódolos circuitos de forza, dispóñense dispositivos de corte por corrente diferencial residual, mediante interruptores diferenciales, con sensibilidade máxima 30 mA.

Para asegurar a protección contra electricidade estática realizarase unha unión equipotencial de masas, de acordo ca IC MIE BT 021. Tódalas partes de material conductor externo (aéreo) deberán estar conectadas a esta rede: estruturas metálicas, aparatos surtidores así como os conductores de protección dos aparatos eléctricos.

- Cadro xeral eléctrico e a súa aparamenta:

- a) Cadro xeral eléctrico. O grado de protección mínimo será IP237, según Norma UNE 20324.
- b) Aparamenta. Según o Reglamento Electrotécnico de Baja Tensión e I.C. correspondientes, a aparamenta a incluir no cadro constará de:
  - Interruptor automático de potencia;
  - Interruptores automáticos (P.I.A.) para protección de liñas contra sobrecargas e cortocircuitos.
  - Interruptores diferenciais para a protección contra as correntes de defecto.

- Sistema de protección para descarga de camións cisterna: ao ser un almacenamento

parcial de produtos de clase B, as instalacións disporán dun sistema de posta a terra das cisternas dos camións, para descargar a electricidade estática.

O sistema estará composto por un cable conectado por un extremo á rede de posta a terra e o outro extremo provisto dunha pinza conectará a un terminal situado no vehículo en íntimo contacto ca cisterna. O cable de posta a terra será extraflexible, con aislamiento, de sección mínima 16 mm<sup>2</sup>.

A conexión eléctrica da posta a terra será a través dun interruptor, con modo de protección adecuado ao tipo de zona do emprazamento onde vai instalado. O peche do interruptor realizarase sempre despois da conexión da pinza ao camión cisterna.

A terra para o camión unirase á rede xeral de terras si ésta é de ferro galvanizado ou á rede local de zinc si a rede xeral é de cobre.

- Protección contra incendios: as instalacións, os equipos e os seus compoñentes destinados á protección contra incendios na instalación axústanse ao establecido no vixente Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios.

A protección contra incendios determinase polo tipo de líquidos (gasolina + gasóleo), a forma de almacenamento (tanques enterrados), a súa situación (aislado no interior da parcela) e a distancia a outros almacenamentos e polas operacións de manipulación, polo que neste caso se selecciona o sistema e axente extintor que máis conven, cumprindo os requisitos mínimos que se establecen no capítulo VII da MI IP 04, considerando unha instalación en exterior dun edificio.

- Instalación en exterior de edificio. Protección con extintores: nas zonas onde existan conexións de mangueriras, bombas, válvulas de uso frecuente ou análogos disporase de extintores do tipo adecuado ao risco e con eficacia mínima 144 B para produtos da clase B e 89 B para produtos da clase C.

Ademais, na zona de descarga do camión cisterna de gasolina disporase dun extintor de polvo seco sobre carro de 50 kg.

A distancia dos extintores, de polvo e portátiles ou sobre rodas, aos puntos de suministro non poderá exceder de 15 m para clase B.

Nas inmediacións de cada punto de suministro ou da isleta de repostamento situarase un extintor por cada equipo de suministro, de polvo BC, de eficacia extintora 144 B para os produtos da clase B e de 89 B para produtos da clase C.

Ao estar situada a instalación en parque empresarial e servir combustible de clase B, si se dispón de rede de abastecemento de auga contra incendios no polígono, nas

inmediacións da isleta de repostaxe montarase un hidrante conectado a dita rede para a súa utilización en caso de emerxencia.

Según o Art. 26 da MI IP 04, na zona de descarga do camión cisterna a tanques dispónse un extintor de polvo seco sobre carro de 50 kg, de eficacia extintora mínima 144B e na isleta de repostaxe un extintor de polvo BC de eficacia extintora 144B, ademais de hidrante si existe rede C.I. exterior.

- Equipos automáticos de extinción: Todas as instalacións desatendidas disporán de equipos automáticos de extinción de incendios. O cambio de réxime de estación atendida a desatendida, deberá comunicarse previamente ao Órgano competente da Comunidade Autónoma.

Neste caso, si que se considera como estación desatendida. Polo tanto, sobre o surtidor na marquesina dispórase unha instalación automática de extinción de incendios, con 3+3=6 unidades de xeradores de aerosol autónomos de 300 gr para extinción con activación térmica SO 300 TA. Posúe certificación española de LGAL. É un axente extintor formado por carbonato potásico en estado aerosol (CO<sub>3</sub>K<sub>2</sub>) non tóxico. Recoméndase o seu emprego para protección de cadros eléctricos, transformadores, cociñas, almacéns de inflamables, etc. O seu principio de funcionamento está baseado nun explosor movido por unha bobina. Non garda a polaridade. Sumínístrase cun cable de dobre fío de conexión a tarxeta,



Figura 5. Xerador de aerosol con activación térmica SO 300 TA.

- Sinalización: en lugar visible exporase un cartel anunciador no que se indique que está prohibido fumar, encender lume ou repostar cas luces encendidas ou o motor do vehículo en marcha.

- Aparatos surtidores e equipos de suministro e control: según o cap. VIII de MI IP 04 instalárase un aparato surtidor multiproducto con 2+2 = 4 mangueriras, de caudal normal (de 40 a 60 l/min.) tanto para gasolina como para gasóleo.

O surtidor será automático, de chorro continuo, con sistema de bombeo propio ou externo e levará asociado medidor de volumen e computador electrónico ou mecánico, cumprindo a normativa vixente sobre metroloxía.

O surtidor instalarase ao aire libre aínda que cuberto por unha marquesiña, apoiado directamente e situado nunha isleta de 15 cm de altura sobre o pavimento da instalación.

Dado que se tratará dunha instalación que suministrará ao público en xeral disporase das instrucións de manexo en sitio visible e suficientemente iluminado.

O deseño dos diversos compoñentes eléctricos do aparato surtidor é adecuado para traballar, según a súa ubicación, na área clasificada que resulte de aplicar todo o expresado no capítulo VI da MI IP 04.

O aparato surtidor incorporará como mínimo os seguintes dispositivos de seguridade:

- Dispositivo de parada da bomba si un minuto despois de levantado o boquerel non hai demanda de caudal.
- Sistema de posta a cero no computador.
- Dispositivo de disparo no boquerel cando o nivel é alto no tanque do vehículo do usuario.
- Dispositivo de corte do suministro, nos aparatos surtidores con computador electrónico, en caso de fallo do computador, transmisor de impulsos ou indicadores de prezo e volume.
- Posta a terra de tódolos componentes. A resistencia entre os extremos da manguera será inferior a 1 MΩ.
- Dispositivo antirrotura do boquerel.

Os materiais utilizados na construción dos equipos de suministro e control serán resistentes á corrosión do líquido que se empregue, a dos seus vapores e á do medio ambiente en que se encontren. Os fabricantes dos mesmos, documentarán, antes da súa montaxe cómo se poden instalar, qué accións soportan e para onde están deseñados.

Os elementos metálicos do boquerel ou chave de corte do suministro serán de materiais que non podan producir chispas ao contacto con outros materiais.

En canto a protección ambiental cúmprese o disposto no cap. IX da MI IP 04.

Redes de drenaxe: por tratarse dunha instalación, que suministrará a vehículos de terceiros, disporá de redes de drenaxe e tratamento de posibles augas contaminadas.

A rede de drenaxe, cumpre en este caso o seguinte:

- A rede de drenaxe deseñouse para proporcionar unha adecuada evacuación das augas de choiva e vertidos accidentais de hidrocarburos.
- O tamaño mínimo das tuberías subterráneas supera os 100 mm, e a profundidade mínima de enterramento, non inferior a 60 cm, garante a súa resistencia mecánica desde a xeratriz superior da tubería.
- A entrada dos líquidos a rede de drenaxe, perimetral mediante canaleta con reixa baixo a marquesiña na zona de repostaxe, efectúase a través de sumidoiros con sifón para evitar a saída de gases.
- O tratamento das augas residuais procedentes de arrastres da zona de operación da unidade de suministro garante un vertido non contaminante dentro das marxes admisibles (concentración de hidrocarburos non superior a 5 p.p.m.).
- As redes de drenaxe permiten separar, por unha parte, as augas contaminadas por hidrocarburos ou susceptibles de selo, que se depurarán mediante separador e, por outra parte, as augas non contaminadas.
- Os sumidoiros nos que poda existir contaminación por hidrocarburos (baixo a zona de operacións de carga de combustibles) constrúense de forma que se impida a saída ou acumulación de gases e serán inalterables, resistentes e impermeables aos hidrocarburos; as redes de tuberías serán estancas.

- Enchido de tanques de almacenamento: as conexións de enchido aos tanques de almacenamento de hidrocarburos instálanse no interior de arquetas estancas a fin de conter os pequenos derrames que se podan producir; disporán dun sistema de recollida dos mesmos. Aos dous tanques acoplánselles dispositivos para evitar un rebose por enchido excesivo.

Dado que a instalación ten unha capacidade superior a 1.000 l, os tanques de gasolina e gasóleo, serán de dobre parede para evitar a construción dun cubeto de retención para posible derrame de produtos.

- Pavimentos: o pavimento da zona de repostamento, a base de lousa de formigón é perfectamente impermeable e resistente aos hidrocarburos.

As xuntas do pavimento deberán ser seladas con materiais impermeables, resistentes e inalterables aos hidrocarburos.



- Inscripción de instalacións: procederáse á inscrición das instalacións no correspondente rexistro da Xunta de Galicia.
  
- Obligacións e responsabilidades do titular: o titular das instalacións queda obrigado a mantelas en correcto estado de funcionamento e será responsable, en todo momento, do cumprimento dos requisitos técnicos e de seguridade que a mesma establece, sin prexuício da lexislación sectorial de protección do medio ambiente aplicable.
  
- Obligacións e responsabilidades das empresas instaladoras:
  - Controlar os materiais e a execución dos traballos que se leven a cabo.
  - Realizar ou facer realizar as probas esixidas pola reglamentación e normativas vixentes.
  - Emitir ou facer emitir os certificados pertinentes.
  - Responsabilizarse das deficiencias de execución das instalacións que constrúan.

En canto á conservación, revisións, probas e inspeccións periódicas da instalación estarase ao disposto no cap. XII, artigos 39 e 40, da MI IP 04.

En resumo, xustifícase o cumprimento polas instalacións dos requisitos establecidos na MI IP 04: “Instalacións para suministro a vehículos”.

#### • **MEDIDAS CORRECTORAS AMBIENTAIS**

A instalación dispón das seguintes medidas correctoras de posibles efectos negativos, que garantizan a adecuación ambiental:

- Instalación de protección contra incendios.

Dimensionada según a MI IP 04 e normativa específica: R.D. 2267/2004: R.S.C.I.E. Remítese ao apartado de xustificación y dimensionamento.

- Separadora de hidrocarburos.

Para o tratamento de posibles fugas e descontaminación de augas de choiva arrastradas procedentes da zona de repostaxe.

Empregarase unha separadora de hidrocarburos marca Fiberglas, modelo SHCI-2 de

clase I, que trata caudales de ata 2 l/s e garantiza que o efluente posee unha contaminación inferior a 5 p.p.m de hidrocarburos.

**SEPARADOR DE HIDROCARBUROS “FIBERGLAS” CLASE I**  
**CÉLULA COALESCENTE Y OBTURADOR AUTOMÁTICO.**  
**CON DEPÓSITO RECOGEDOR**

REF. (l/s)	TN (l/s)	VOL. Decant. de lodos (lts.)	VOL. Separador (lts.)	V.H.C. retenidos (lts.)	V. depós. recogedor H.C. separados	Diámetro Ø (mm.)	Longitud L (mm.)	Diámetro conex. Ø (mm.)
SHCI-1,5	1,5	600	300	30	600	1.000	2.650	110
SHCI-2	2	600	400	40	600	1.000	2.800	110
SHCI-3	3	600	600	60	600	1.000	3.150	110
SHCI-6	6	2.500	1.200	120	1.000	1.300	4.800	125
SHCI-8	8	2.500	1.600	160	1.000	1.300	5.200	160
SHCI-10	10	2.500	2.000	200	1.000	1.300	5.600	160
SHCI-15	15	3.000	3.000	300	1.500	1.600	5.100	200
SHCI-20	20	4.000	4.000	400	1.500	1.600	6.400	200

Diseñados y construidos conforme a la norma **UNE EN 858-1-2** y bajo normas internas de calidad **UNE-EN ISO 9001:2008**.




Figura 6. Separadora de hidrocarburos Fiberglas SHCI-2.

Clase I, para contido residual de H.C. en efluente  $\leq 5$  p.p.m., con depósito recolledor. Os separadores de hidrocarburos “Fiberglas” están construídos en poliéster reforzado con fibra de vidro, reforzados para ser enterrados. Constando de separador de hidrocarburos con célula coalescente e obturador automático e, si se desexa, con depósito recolledor de hidrocarburos separados.

Conexións de entrada e saída en PVC, e asas para izado e manipulación.

É necesaria a súa instalación en estacións de servizo, talleres mecánicos, garaxes, lavadeiros de vehículos, etc.

O tratamento das augas ten lugar en dúas etapas:

- Una decantación previa de areas e lodos, proceso que ten lugar no desareador.
- A continuación, prodúcese a separación dos hidrocarburos e aceites no separador de hidrocarburos.

De acordo cos datos do fabricante ([http://www.fiberglas.es/es/soluciones/depu\\_hidrocarburos\\_1.php?apt=terc&secc=6](http://www.fiberglas.es/es/soluciones/depu_hidrocarburos_1.php?apt=terc&secc=6)) o separador SCHI-6 dimensionase e constrúese según a Norma DIN 1999 e UNE-EN 858 e baixo normas internas de calidade ISO 9001:2008.

- Recollida de gases de carburantes.

Dispónse unha recollida de gases orixinados na descarga a tanques dos hidrocarburos.

## **9. MEMORIA URBANÍSTICA. XUSTIFICACIÓN DE CUMPLIMENTO DE PARÁMETROS E ADMISIBILIDADE DO EMPRAZAMENTO DA INSTALACIÓN**

Xustifícase seguidamente o cumprimento de parámetros urbanísticos e a admisibilidade da instalación no emprazamento.

### **9.1. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DE PARÁMETROS URBANÍSTICOS**

A edificación para a que se proxectan as instalacións do presente proxecto emprázase no sector III do polígono industrial de Río do Pozo.

A parcela ten unha superficie de 5300 m<sup>2</sup> e encóntrase calificada como chán urbanizable industrial no PGOM do Concello de Narón e “supostamente” encóntrase ocupada por un edificio destinado a supermercado.

Por aplicación das prescricións do Plan Parcial do Sector III do Polígono Industrial “Río do Pozo” en Narón, para dita situación, resulta o seguinte cadro de parámetros urbanísticos:

<b>Parámetro</b>	<b>Ordeanza</b>	<b>Proxecto</b>	<b>Cumpri</b>
------------------	-----------------	-----------------	---------------

<b>Tipo de construcción</b>	Illada	Illada	Cumpre
<b>Retranqueos mínimos</b>	A viario público: 10m A lindeiro posterior: 5m A lindeiros laterais 5m	A viario público 10,4 m A lindeiros posteriores 38m Alinderos laterais 5,3m	Cumpre
<b>Ocupación máxima (1)</b>	55% parcela	27,07% parcela	Cumpre
<b>Altura máxima</b>	12m	4,5 m en marquesiña	Cumpre
<b>Superficie máxima edificable (2)</b>	$5300 \cdot 0,65 = 3445 \text{ m}^2$ (0,65 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	$5300 \cdot 0,27 = 1431 \text{ m}^2$ (0,37 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	Cumpre
<b>Usos</b>	Uso industrial Uso compatible co industrial (comercial, oficinas, despachos, en casos especiais debidamente xustificadas cafeterías, restaurantes...)	Uso industrial comercial	Cumpre

(1) Superficie total de ocupación:  $1350 \text{ m}^2$  (supermercado) +  $84,55 \text{ m}^2$

(marquesiña) =  $1434,55 \text{ m}^2 / 5300 \text{ m}^2 = 27,07\% < 55\%$

(2) Superficie total construída:  $1350 \text{ m}^2$  (supermercado) +  $84,55 \text{ m}^2$

(marquesiña) =  $1434,55 \text{ m}^2 / 5300 \text{ m}^2 = 27,07\% < 65\%$

## 9.2 XUSTIFICACIÓN DE ADMISIBILIDADE DO EMPRAZAMENTO POR ACTIVIDADE

Os usos actuais na parcela son de supermercado. O novo uso parcial de distribución ao por menor de 2 tipos de produtos petrolíferos para vehículos é a súa vez complementario do anterior e inicial que se mantén na parcela e sigue sendo principal

en canto a intensidade de uso e superficie asignada (ver plantas de distribución).

Tal e como se indica e xustifica anteriormente na Memoria, debe indicarse que o novo uso prantexado, debido á previsión de distribución de dous únicos carburantes, Gasóleo A (GO A) e Gasolina Sin Plomo 95 (SP 95), de acordo co artigo 2 do Real Decreto 1905/1995, de 24 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para a distribución ao por menor de carburantes e combustibles petrolíferos en instalacións de venta ao público e se desenvolve a disposición adicional primeira da Lei 34/1992, de 22 de decembro, de ordenación do sector petroleiro, non pode ter a consideración de estación de servizo sinón só de unidade de suministro.

É decir que, desde a definición técnico-legal contida no R.D. 1905/1995, a instalación proxectada non é unha estación de servizo.

Por tanto, trátase dunha actividade de venda limitada de carburantes, ao servizo do automóvil, de tipo comercial, con características de industrial exclusivamente no que se refire aos requerimentos das instalacións e a súa inscrición no determinado rexistro.

En apoio do anterior, a Sección C: COMERCIO AO POR MAIOR E AO POR MENOR; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS da Clasificación

Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009) aprobada por Real Decreto 475/2007 de 13 de abril, inclúe a actividade de código 47.30 "Comercio ao por menor de combustible para a automoción en establecementos especializados", que por tanto debe ser considerada comercial.

Ademais, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego inclúe entre as medidas no ámbito do sector de hidrocarburos o artigo 39 que se reproduce:

*Artículo 39. Modificación da Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

*A Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificada como sigue:*

*Dous. O artigo 43.2 pasa a ter a seguinte redacción: «2. A actividade de distribución ao por menor de carburante e combustibles petrolíferos poderá ser exercida libremente por calquera persoa física o xurídica.*

*As instalacións utilizadas para o exercicio desta actividade deberán cumprir cos actos de control preceptivos para cada tipo de instalación, de acordo cas instrucións técnicas complementarias que establezan as condicións técnicas e de seguridade de ditas instalacións, así como cumprir co resto da normativa vixente que en cada caso sexa de aplicación, en especial a referente á metroloxía e metrotecnica e a protección dos consumidores e usuarios.*

*Os instrumentos de planificación territorial ou urbanística non poderán regular aspectos técnicos das instalacións ou esixir unha tecnoloxía concreta.*

*Os usos do solo para actividades comerciais individuais ou agrupadas, centros comerciais, parques comerciais, establecementos de inspección técnica de vehículos e zonas ou polígonos industriais, serán compatibles ca actividade económica das instalacións de suministro de combustible ao por menor. Estas instalacións serán asimesmo compatibles cos usos que sexan aptos para a instalación de actividades con niveis similares de perigosidade, residuos ou impacto ambiental, sin precisar expresamente a cualificación de apto para estación de servizo.*

Ademais do anterior, resulta de aplicación o Decreto 45/2015, de 26 de marzo, da Consellería de Economía e Industria polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución ao por menor de produtos petrolíferos, e a súa posta en funcionamento e se determinan os órganos competentes para o exercizo da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos.

Neste Decreto, o Art. 1 relativo a obxecto e ámbito de aplicación fixa a “*regulación do procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución ao por menor de produtos petrolíferos e a súa posta en funcionamento*” mentras que o Art. 2 refírese á liberdade para o exercicio da actividade:

*Artículo 2. Liberdade para o exercicio da actividade.*

*A actividade de suministro de carburantes e combustibles petrolíferos ao por menor poderá ser exercida libremente por calquera persoa física ou xurídica, de conformidade ca Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

En resumo, a liberalización a tódolos efectos da actividade de venda de combustibles e carburantes para automóbiles permite sin ningunha dúbida, considerando a normativa do Polígono Industrial Río do Pozo, a admisibilidade do citado uso parcial que se proxecta na parcela.

## **10. AFECCIÓNS DA INSTALACIÓN**

Polo seu emprazamento e ao obxecto de ter en conta o Art. 7.2.a.3ª do *Decreto 45/2015, de 26 de marzo, da Consellería de Economía e Industria polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución ao por menor de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento e se determinan os órganos competentes para o exercizo da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos* considéranse as seguintes posibles afeccións da instalación:

- Urbanísticas: por emprazamento no Polígono Industrial Río do Pozo en Narón.
- En relación ca situación respecto de carreteras provinciais, autonómicas ou estatais do entorno do polígono industrial.
- Ambientais, por razón da actividade e os seus efectos potenciais sobre o medio.

### **10.1. AFECCIÓN URBANÍSTICA DE LA INSTALACIÓN.**

As afeccións urbanísticas son as correspondentes ao solo de ubicación, recollidas e xustificadas en canto á súa adaptación de parámetros e usos nos puntos 9.1 e 9.2 desta memoria que non é preciso reiterar.

### **10.2. AFECCIÓNS DA INSTALACIÓN A CARRETERAS**

A parcela da frente e dispón dun acceso a unha rúa do Polígono Industrial Río do Pozo, sendo ésta de titularidade municipal.

En resumo, xustifícase a non afección das instalacións do punto de suministro de combustible a ningunha carretera allea ás rúas interiores do Polígono Industrial Río do Pozo en Narón, de titularidade municipal.

### **10.3. AFECCIÓNS AMBIENTAIS DA INSTALACIÓN**

A Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia recolle no seu Anexo de Catálogo de actividades sometidas á incidencia ambiental as seguintes:

*4. Venda de combustibles e productos químicos*

*4.2. Gasolineiras e estacións de servizo que se corresponden cunha instalación de “Punto de Suministro de Combustible” de modo que ca comunicación previa da actividade a nivel municipal ou ca solicitude de Licenza de Obras requírese a presentación “da autorización ou declaración ambiental que proceda” (Art. 24.1.e), establecendo a tal efecto o Art. 33.1 que “as actividades... incluídas no anexo desta lei someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación (previa)”.*

O Art. 34 recolle a documentación requirida para tramitar a declaración de incidencia ambiental:

*a) Proxecto técnico redactado polo técnico competente na materia.*

*b) Unha memoria descriptiva na cal se detallan:*

*1º. Os aspectos básicos relativos á actividade, a súa localización e repercusións no ambiente.*

*2º. Os tipos e as cantidades de residuos, vertidos e emisións xerados pola actividade e a xestión prevista para eles.*

*3º. Os riscos ambientais que podan derivar da actividade.*

*4º. A proposta de medidas preventivas, correctoras e de autocontrol da incidencia ambiental.*

*5º. As técnicas de restauración do medio ambiente e o programa de seguimento da área restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou de cese da actividade.*

Por outra parte, a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental establece as actividades que precisan de tramitacións máis complexas como a Avaliación



Ambiental Estratéxica ou o Estudo de Impacto Ambiental.

O Anexo I á Lei inclúe os Proxectos sometidos á avaliación ambiental ordinaria regulada no título II, capítulo II, sección 1ª, entre os que non se encontran os de Puntos de Suministro de Combustible nin actividades que se podan asimilar.

No Anexo II inclúense os Proxectos sometidos á avaliación ambiental simplificada regulada no título II, capítulo II, sección 2ª, entre os que se recolle:

*Grupo 4. Industria enerxética.*

*l) Almacenamento sobre o tereno de combustibles fósiles non incluídos no anexo I.*

Ahora ben, os dous tanques de almacenamento, de unha capacidade total de 30.000 + 30.000 = 60.000 litros de gasóleo e gasolina, son para servizo do punto de suministro de combustible, non de almacenamento xeral e o seu emprazamento é enterrado,

de modo que non se está no caso do Anexo II da Lei 21/2013 e en consecuencia, en interpretación do autor, non se precisa Avaliación Ambiental Estratéxica nin Estudo de Impacto Ambiental, nin sequera simplificado, sendo suficiente a tramitación de declaración de incidencia ambiental citada da Lei 9/2013.

A sección mínima do conductor de neutro para distribucións monofásicas, trifásicas e de corrente continua, será a que a continuación se especifica:

Según a Instrucción ITC BT 19 no seu apartado 2.2.2, en instalacións interiores, para ter en conta as correntes armónicas debidas a cargas non lineais e posibles desequilibrios, a sección do conductor do neutro será como mínimo igual á das fases.

Para o caso de redes aéreas ou subterráneas de distribución en baixa tensión, as seccións a considerar serán as seguintes:

- ⇒ Con dous ou tres conductores: igual á dos conductores de fase.
- ⇒ Con catro conductores: metade da sección dos conductores de fase, cun mínimo de 10 mm<sup>2</sup> para cobre e de 16 mm<sup>2</sup> para aluminio.

##### **3.1.4.- Conductores de protección**

Os conductores de protección desnudos non estarán en contacto con elementos combustibles. Nos pasos a través de paredes ou teitos estarán protexidos por un tubo de adecuada resistencia, que será, ademais, non conductor e difícilmente combustible cando atravesese partes combustibles do edificio.

Os conductores de protección estarán convenientemente protexidos contra o deterioro mecánico e químico, especialmente nos pasos a través de elementos da construción. As conexións nestos conductores realizaranse por medio de empalmes soldados sin emprego de ácido, ou por pezas de conexión de aprete por rosca. Estas pezas serán de material inoxidable, e os tornillos de aprete estarán provistos dun dispositivo que evite o seu desapriete.

Tomaranse as precaucións necesarias para evitar o deterioro causado por efectos electroquímicos cando as conexións sexan entre metais diferentes.

### **3.1.5.- Identificación dos conductores**

Os conductores da instalación identificaranse polos cores do seu illamento:

- ▣ Negro, gris, marrón para os conductores de fase ou polares.
- ▣ Azul claro para o conductor neutro.
- ▣ Amarelo - verde para o conductor de protección.
- ▣ Vermello para o conductor dos circuitos de mando e control.

### **3.1.6.- Tubos protectores**

#### Clases de tubos a empregar

Os tubos deberán soportar, como mínimo, sin deformación algunha, as seguintes temperaturas:

- ▣ 60 °C para os tubos illantes constituídos por policloruro de vinilo ou polietileno.
- ▣ 70 °C para os tubos metálicos con forros illantes de papel impregnado.

#### Diámetro dos tubos e número de conductores por cada un deles

Os diámetros exteriores mínimos e as características mínimas para os tubos en función do tipo de instalación e do número e sección dos cables a conducir, indícanse na Instrucción ITC BT 21, no seu apartado 1.2. O diámetro interior mínimo dos tubos deberá ser declarado polo fabricante.

## **3.2.- Normas de execución das instalacións**

### **3.2.1.- Colocación de tubos**

Téranse en conta as prescricións xerais seguintes, tal e como indica la ITC BT 21.

#### Prescricións xerais

O trazado das canalizacións farase seguindo preferentemente liñas paralelas ás verticais e horizontais que limitan o local onde se efectúa a instalación.

Os tubos uniranse entre sí mediante accesorios adecuados á súa clase que aseguren a continuidade que proporcionan aos conductores.

Cando os tubos metálicos deban poñerse a terra, a súa continuidade eléctrica quedará convenientemente asegurada. No caso de empregar tubos metálicos flexibles, é necesario que a distancia entre dúas postas a terra consecutivas dos tubos non exceda de 10 m.

### Tubos empotrados

Cando os tubos se coloquen empotrados tenranse en conta, ademais, as seguintes prescripcions:

A instalación de tubos empotrados será admisible cando a súa posta en obra se efectúe despois de terminados os traballos de construción e de enfoscado de paredes e teitos, podendo o enlucido dos mesmos aplicarse posteriormente.

### **3.2.2.- Caixas de empalme e derivación**

As conexións entre conductores realizaranse no interior de caixas apropiadas de material illante ou, si son metálicas, protexidas contra a corrosión.

As súas dimensións serán tales que permitan aloxar holgadamente tódolos conductores que deban conter, e a súa profundidade equivalerá, canto menos, ao diámetro do tubo maior máis un 50 % do mesmo, cun mínimo de 40 mm para a súa profundidade e 80 mm para o diámetro o lado interior.

Para que non poda ser destruído o illamento dos conductores polo seu roce cos bordes libres dos tubos, os extremos destes, cando sexan metálicos e penetren nunha caixa de conexión ou aparato, estarán provistos de boquillas con bordes redondeados ou dispositivos equivalentes, ou ben convenientemente mecanizados, e si se trata de tubos metálicos con illamento interior, este último sobresalirá unhas milímetros da súa cuberta metálica.

### **3.2.3.- Aparatos de mando e maniobra**

Os aparatos de mando e maniobra (interruptores e conmutadores) serán de tipo cerrado e material illante, cortarán a corrente máxima do circuíto en que están colocados sin dar lugar á formación de arcos permanentes, e non poderán tomar unha posición intermedia.

As pezas de contacto terán unhas dimensións tales que a temperatura non poda exceder de 65°C en ningunha delas.

### **3.2.4.- Aparatos de protección**

#### Protección contra sobreintensidades

Os conductores activos deben estar protexidos por un ou varios dispositivos de corte automático contra as sobrecargas e contra os cortocircuitos.

#### Aplicación

Excepto os conductores de protección, todos os conductores que forman parte dun circuito, incluído o conductor neutro, estarán protexidos contra as sobreintensidades (sobrecargas e cortocircuitos).

#### Protección contra sobrecargas

Os dispositivos de protección deben estar previstos para interromper toda corrente de sobrecarga nos conductores do circuito antes de que poda provocar un quentamento perxudicial ao illamento, ás conexións, ás extremidades ou ao medio ambiente nas canalizacións.

O límite de intensidade de corrente admisible nun conductor quedará en todo caso garantizado polo dispositivo de protección utilizado.

#### Protección contra cortocircuitos

Deben preverse dispositivos de protección para interromper toda corrente de cortocircuíto antes de que esta poda resultar perigosa debido aos efectos térmicos e mecánicos producidos nos conductores e nas conexións.

Na orixe de todo circuito establecerase un dispositivo de protección contra cortocircuitos cuxa capacidade de corte estará de acordo ca intensidade de cortocircuíto que poda presentarse no punto de súa instalación.

Admitense como dispositivos de protección contra cortocircuitos os fusibles de características de funcionamento adecuadas e os interruptores automáticos con sistema de corte electromagnético.

#### Pequenos interruptores automáticos (PIA)

Os interruptores automáticos para instalacións domésticas e análogas para a protección contra sobreintensidades axustaranse á norma UNE-EN 60-898.

A característica de disparo instantáneo dos interruptores automáticos virá determinada pola súa curva: B, C ou D.

Cada interruptor debe levar visible, de forma indeleble, as seguintes indicacións:

- ⇒ A corrente asignada sin o símbolo A precedido do símbolo da característica de disparo instantáneo (B,C ou D) por exemplo B16.

- ⇒ Poder de corte asignado en amperios, dentro dun rectángulo, sin indicación do símbolo das unidades.
- ⇒ Clase de limitación de enerxía, si é aplicable.

### Interruptores automáticos de baixa tensión

Os interruptores automáticos de baixa tensión axustaranse á norma UNE-EN 60-947-2: 1996.

Esta norma aplicase aos interruptores automáticos cuxos contactos principais están destinados a ser conectados a circuitos cuxa tensión asignada non sobrepasa 1000 V en corrente alterna ou 1500 V en corrente continua. Cada interruptor automático debe estar marcado de forma indeleble en lugar visible cas seguintes indicacións:

- ⇒ Intensidade asignada ( $I_n$ ).
- ⇒ Capacidade para o seccionamiento, si da lugar.
- ⇒ Indicacións das posicións de apertura e de cerre respectivamente por O e | si se empregan símbolos.

### Fusibles

Os fusibles de baixa tensión axustaranse á norma UNE-EN 60-269-1:1998.

Esta norma aplicase aos fusibles con cartuchos fusibles limitadores de corrente, de fusión encerrada e que teñan un poder de corte igual ou superior a 6 kA. Destinados a asegurar a protección de circuitos, de corrente alterna e frecuencia industrial, nos que a tensión asignada non sobrepase 1000 V, ou os circuitos de corrente continua cuxa tensión asignada non sobrepase los 1500 V.

Deberán levar marcada a intensidade e tensión nominais de traballo para as foron construídos.

### Interruptores con protección incorporada por intensidade diferencial residual

Os interruptores automáticos de baixa tensión con dispositivos reaccionantes baixo o efecto de intensidades residuais axustaranse ao anexo B da norma UNE-EN 60-947-2: 1996.

### Características principais dos dispositivos de protección

Os dispositivos de protección cumprirán as condicións xerais seguintes:

David Vázquez Rodríguez

- ⇒ Deberán poder soportar a influencia dos axentes exteriores a que estén sometidos, presentando o grao de protección que lles corresponda de acordo cas súas condicións de instalación.
- ⇒ Os fusibles irán colocados sobre material illante incombustible e estarán construídos de forma que non puidan proxectar metal ao fundirse.
- ⇒ Os interruptores automáticos serán os apropiados aos circuitos a protexer, respondendo no seu funcionamento ás curvas intensidade - tempo adecuadas. Cando se utilicen para a protección contra cortocircuitos, a súa capacidade de corte estará de acordo ca intensidade de cortocircuíto que poda presentarse no punto de súa instalación, salvo que vaian asociados con fusibles adecuados que cumpran este requisito, e que sexan de características coordinadas cas do interruptor automático.
- ⇒ Os interruptores diferenciais deberán resistir as correntes de cortocircuíto que podan presentarse no punto da súa instalación, e do contrario deberán estar protexidos por fusibles de características adecuadas.

#### Protección contra contactos directos e indirectos

Os medios de protección contra contactos directos e indirectos en instalación executaranse seguindo as indicacións detalladas na Instrucción ITC BT 24, e na Norma UNE 20.460 -4-41.

A protección contra contactos directos consiste en tomar as medidas destinadas a protexer as persoas contra os perigos que poden derivarse dun contacto cas partes activas dos materiais eléctricos. Os medios a utilizar son os seguintes:

- ⇒ Protección por illamento das partes activas.
- ⇒ Protección por medio de barreiras ou envoltentes.
- ⇒ Protección por medio de obstáculos.
- ⇒ Protección por posta fuera de alcance por alonxamento.
- ⇒ Protección complementaria por dispositivos de corrente diferencial residual.

Utilizarase o método de protección contra contactos indirectos por corte da alimentación en caso de filo, mediante o uso de interruptores diferenciais.

A corrente a terra producida por un solo defecto franco debe facer actuar o dispositivo de corte nun tempo non superior a 5 s.



Todas as masas dunha mesma instalación deben estar unidas á mesma toma de terra. Como dispositivos de corte por intensidade de defecto empregaranse os interruptores diferenciais.

Debe cumprirse a seguinte condición:

$$R \leq \frac{V_c}{I_s}$$

Onde:

- ⇒ R: Resistencia de posta a terra (Ohm).
- ⇒ V<sub>c</sub>: Tensión de contacto máxima (24 V en locais húmidos e 50 V nos demais casos).
- ⇒ I<sub>s</sub>: Sensibilidade do interruptor diferencial (valor mínimo da corrente de defecto, en A, a partir do cal o interruptor diferencial debe abrir automaticamente, nun tempo conveniente, a instalación a protexer).

### 12.2.7.- Instalacións de posta a terra

Estará composta de toma de terra, conductores de terra, borne principal de terra e conductores de protección. Levaranse a cabo según o especificado na Instrucción ITC-BT-18.

#### Natureza e seccións mínimas

Os materiais que aseguren a posta a terra serán tales que:

O valor da resistencia de posta a terra esté conforme cas normas de protección e de funcionamento da instalación, tendo en conta os requisitos xerais indicados na ITC-BT-24 e os requisitos particulares das Instruccións Técnicas aplicables a cada instalación. En todos os casos os conductores de protección que non formen parte da canalización de alimentación serán de cobre cunha sección ao menos de: 2,5 mm<sup>2</sup> si dispoñen de protección mecánica e de 4 mm<sup>2</sup> si non dispoñen dela.

### 3.2.8.- Alumeado

#### Alumbrado xeral

As redes de alimentación para puntos de luz con lámparas ou tubos de descarga deberán estar previstas para transportar unha carga en voltamperios ao menos igual a 1.8 veces a potencia en vatios das lámparas ou tubos de descarga que alimenta. O conductor neutro terá a mesma sección que os de fase.

### 3.3.- Condiciones de uso, mantenimiento y seguridad

A propiedade recibirá á entrega da instalación, planos definitivos do montaxe da instalación, valores da resistencia a terra obtidos nas medicións, e referencia do domicilio social da empresa instaladora.

Cada cinco anos comprobaranse os dispositivos de protección contra cortocircuitos, contactos directos e indirectos, así como as súas intensidades nominais en relación ca sección dos condutores que protexen.

### 3.4.- Libro de ordes

La dirección de la ejecución de los trabajos de instalación será llevada a cabo por un técnico competente, que deberá cumplimentar el Libro de Órdenes y Asistencia, en el que reseñará las incidencias, órdenes y asistencias que se produzcan en el desarrollo de la obra.

#### **ARTIGO 4.- DEFINICIÓNS, COMPETENCIAS E RESPONSABILIDADES.**

- Os seguintes términos terán o significado que se indica, excepto que o contido en cada caso esixa outro, ou que existan definicións específicas e distintas a éstas no contrato de obras.
- **Administración Pública:** Os correspondentes organismos e entidades con competencias sobre o dominio público e instalacións inmediatas, así como respecto da actividade (en particular Concello de Narón, Xunta de Galicia, Consellería de Industria, Consellería Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, etc.).
- **Titular de Actividade:** entenderase por tal a calquera sociedade constituída ao efecto, ou persoa/s física/s ou xurídica/s que aquela/s designe/n según o correspondente contrato de obras.
- **Representante da Propiedad:** entenderase por tal á/s persoa/s que a mesma poda designar, por escrito, para coñecer de forma directa a marcha da obra e exercer os dereitos que se reserven, en canto a modificacións e outros aspectos que podan incidir no prazo ou presuposto da obra.

- **Director de Obra:** persona natural ou xurídica, ca titulación legalmente competente, designada pola Propiedade para ostentar a dirección facultativa das obras, sin perxuízo das atribucións do persoal da Propiedade.

O Técnico/s Director/es supervisará/n a execución das obras por parte do Contratista para comprobar que o traballo se desenvolve de acordo cos planos e especificacións do Proxecto ou modificacións aprobadas no seu caso.

Corresponderá ao Director en exclusiva a interpretación dos diversos documentos do proxecto en caso de contradicción, error, indefinición, etc., debendo o contratista aceptar tales interpretacións salvo que as mesmas estén en conflito ca boa marcha dos trabalos ou con algunha norma ou disposición legal, en cuxo caso deberá comunicalo á Propiedade e manifestalo ao Director.

- **Representante do Director:** entenderase por tal á persoa natural ou xurídica, designada polo Director de Obra, previa conformidade da Propiedade, para desempeñar tarefas especificadas ou de competencia da Dirección de Obra. O seu nomeamento haberá de ser comunicado por escrito ao Contratista.
- **Contratista:** será a persoa natural ou xurídica cuxa proposición económica fose aceptada pola Propiedade. Comprenderá asimismo ós representantes personais e/ou apoderados autorizados. Será o responsable da execución da obra.
- **Obra/s:** entenderase con este término a tódolos traballos, materiais, obras provisionais ou definitivas, que han de ser utilizados e/ou executados en virtude do contrato. O término referirase tamén, según o contexto, á propia zona ou superficie donde se desenvolven os traballos según os correspondentes planos de planta.
- **Planos:** entenderanse os planos incluídos no Proxecto, así como os que resulten de calquera modificación ou revisión respecto dos iniciais, aprobada polo Director e autorizada pola Propiedade.
- **Aprobado e aprobación:** a aprobación de calquera actuación, modificación, etc., non incluída no proxecto haberá de realizarse sempre por escrito.
- **Subcontratista e/ou suministrador:** designa a toda persoa natural ou xurídica que ten un contrato co Contratista para executar calquera traballo ou para

David Vázquez Rodríguez

suministro de materiais e/ou equipos para as obras.

- **Man de obra:** entenderase todo o traballo e esforzo manual aplicado tanto directa como indirectamente a través de calquera persoa, máquina, ferramenta ou parte ou peza do equipo, e todo o esforzo persoal implícito na administración, supervisión, etc.
- **Material:** todos os elementos e/ou compoñentes que vaian a ser empregados, colocados ou añadidos na obra para a execución dalgunha das unidades previstas.
- **Representante do Contratista (Xefe de Obra ou Encargado):** será a persoa designada polo Contratista e aceptada pola Propiedade e Director de Obra, para representalo na execución das obras. Podrá esixírselle unha titulación, formación técnica ou experiencia profesional adecuada para a súa aceptación cando a importancia e características das obras así o aconselle.

O Constructor ven obrigado a comunicar á Propiedade e á Dirección de Obra e Coordinador de Seguridade no seu caso a persoa designada como delegado seu na obra, que terá o carácter de Xefe da mesma, con dedicación plena e con facultades para representarlle e adoptar en todo momento cantas decisións competen á contrata.

O incumprimento da obrigaçión de nomeamento ou, en xeral, a falta de cualificación suficiente por parte do persoal según a natureza dos traballos, facultará ao Director de Obra para ordear a paralización das obras sin dereito a reclamación algunha, hasta que se subsane a deficiencia.

- **Contrato:** documento escrito, firmado pola Propiedade e o Contratista, que incluíra o Proxecto e os seus posibles modificados, anexos, etc., e que ca oferta definitiva reflexará as condicións técnicas de execución, medición e abono das obras, avales ou garantías, responsabilidades, medios e cantos aspectos conveñan as partes.

#### **ARTIGLO 5.- DIRECCIÓN DAS OBRAS.**

O/os Director/es da Obra, no sucesivo Director ou Dirección de Obra, será o/os técnico/s facultativo/s, individual ou equipo, designado pola Propiedade.

David Vázquez Rodríguez

Para o desempeño da súa función poderá contar con colaboradores que formarán, xunto o propio Director, a Dirección de Obra, no sucesivo Dirección.

Sin perxuízo das competencias da Dirección, as competencias sobre inspección das obras corresponderán á Propiedade dentro das súas atribucións.

Non obstante, calquera decisión de carácter técnico adoptada e ordeada pola Propiedade sin coñecemento e aprobación da Dirección eximirá a ésta de calquera responsabilidade á que poidera haber lugar.

Cas funcións e competencias que lle correspondan, na Dirección de Obra integrarase o Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución das obras, nos términos previstos no RD 1627/1997.

#### **ARTIGO 6.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.**

De modo xeral, serán de conta do Contratista tódolos gastos de contratación do persoal, así como as obrigacións sociais e laborais de tódolos equipos, técnicos e man de obra necesarios para a correcta execución do Proxecto. O Contratista será responsable ademais do cumprimento das mesmas obrigacións por parte de calquera posible subcontratista. A este respecto, o Contratista ven obrigado ao cumprimento estricto de tódalas disposicións vixentes en materia laboral, seguridade social e seguridade e hixiene no traballo.

Tanto o Director como a Propiedade poedrán esixir do Contratista en todo momento a presentación da relación de persoal adscrito á obra así como da xustificación documental do cumprimento das obrigacións citadas. A non existencia de tal documentación ou comprobacións non exime ao Contratista da súa necesidade de cumprimento. Asimesmo, serán da súa conta os gastos orixinados pola redacción de documentos, elaboración de planos de detalle de montaxe e finais de obra que supoñan modificación dos de Proxecto, e traballos similares.

Previamente ao inicio das obras, e según o disposto no Art. 7 do Real Decreto 1627/1.997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, o contratista presentará para aprobación un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo de seguridade en

David Vázquez Rodríguez

función do seu propio sistema de execución das obras. Non se poderá dar inicio efectivo ás obras en tanto non se aprobe o Plan de seguridade.

En caso de resolución do contrato, por calquera causa que a motive, serán de conta do Contratista os gastos orixinados pola liquidación, así como os de retirada dos materiais, medios auxiliares empregados, etc.

Corresponde en todo caso ao Constructor ou Contratista:

- a) Organizar os traballos de construción, redactando os plans de obra que se precisen e proxectando ou autorizando as instalacións provisionais e medios auxiliares da obra.
- b) Elaborar o Plan de Seguridade e Hixiene da obra en aplicación do estudo correspondente, e dispoñer, en todo caso, a execución das medidas preventivas, velando polo seu cumprimento e pola observancia da normativa vixente en materia de seguridade e hixiene no traballo.
- c) Suscribir ca Dirección de Obra, o acta de replanteo da obra.
- d) Ostentar a xefatura de todo o persoal que interveña na obra e coordinar as intervencións dos subcontratistas, no seu caso.
- e) Asegurar a idoneidade de todos e cada un dos materiais e elementos constructivos que se utilicen, comprobando os preparados en obra e rechazando, por iniciativa propia ou por prescripción do Director de Obra os suministros ou prefabricados que non contengan as garantías ou documentos de idoneidade requeridos polas normas de aplicación.
- f) Custodiar o Libro de ordes e seguimento da obra, e dar o enterado ás anotacións que se practiquen no mesmo.
- g) Facilitar á Dirección de Obra, con antelación suficiente, os materiais precisos para o cumprimento do seu cometido.
- h) Preparar as certificacións parciais de obra e a proposta de liquidación final.
- i) Suscribir co Promotor as actas de recepción provisional e definitiva.
- j) Concertar os seguros de accidentes de traballo e de danos a terceiros durante a obra.

O Constructor/Contratista habilitará na obra unha oficina na que existirá unha mesa ou tableiro adecuado, no que podan extenderse e consultarse los planos. En dita oficina terá sempre con Contratista a disposición da Dirección Facultativa:

- O Proxecto de Execución completo, incluídos os compoñentes que no seu caso

redacte o Director de Obra.

- A Licencia de Obras.
- O Libro de Ordes e Asistencias.
- O Plan de Seguridade e Hixiene.
- O Libro de Incidencias.
- O Reglamento e Ordeanza de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- A documentación dos seguros mencionados no apartado j) anterior.

#### **ARTICULO 5.- DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.**

O Proxecto é a base técnica de execución do contrato de obras. Os seus documentos obrigan ao Contratista salvo orden en contra pola Dirección.

A documentación gráfica clasifícase en planos de contrato (planos de Proxecto que definen a obra a executar ao nivel de detalle posible no momento da licitación), planos complementarios realizados durante a execución da obra para definir, aclarar ou completar detalles constructivos ou adaptalos ás condicións reais da obra, e croquis e debuxos con misión aclaratoria e informativa para mellor comprensión da obra.

Toda posible duda na interpretación dos planos será comunicada polo Contratista ao Director a maior brevedade posible tralo cal o Director, nun prazo non superior a sete (7) días, salvo causas xustificadas, aclarará os detalles co grado necesario para a completa definición da execución.

O Contratista será responsable do control dos planos, que non deberá entregar a terceiros salvo para actuacións directamente relacionadas ca obra.

No caso de contradición, indefinición, etc., entre documentos do proxecto, establececese o seguinte orden de prelación entre os mesmos, salvo interpretación xustificada do Director á vista das condicións en obra:

- O mencionado no PPTP e omitido nos planos ou viceversa haberá de ser executado como si figurase en ambos documentos sempre que, a xuízo do Director, quede suficientemente definida a unidade de obra correspondente e ésta teña precio no contrato.
- Os Planos prevalecen sobre os demais documentos en canto ás dimensións e cotas de elementos.
- O Prego de Condicións prevalece para o caso de descripción sobre a realización das unidades de obra

David Vázquez Rodríguez

- O Presuposto prevalecerá en canto á definición das propias unidades de obra sendo os Cadros de Precios vinculantes nos términos establecidos no contrato.

En todo caso, as contradicións, omisións ou erros advertidos na documentación polo Director ou Contratista, antes do inicio da obra, deberán quedar reflexados no Acta de Comprobación do Replantexo.

#### **ARTIGO 8.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO.**

A Dirección das obras poderá introducir no Proxecto, antes do inicio ou durante a execución das obras, as modificacións que sexan precisas para a normal finalización das mesmas aunque non se haxan previsto no propio Proxecto e sempre que o sexan sin separarse do seu espírito e recta interpretación e non supoñan vulneración dos términos de concesión de licencias. Asimesmo, poderá introducir variacións que produzan aumento ou redución de cantidades de obra recollidas no presuposto, ou substitución de unha clase de fábrica por outra sempre que ésta sexa das comprendidas no Proxecto.

Todas as modificacións, incluso as referidas a novas unidades de obra, serán obrigatorias para o Contratista nos términos establecidos na lexislación de aplicación e no seu defecto, supletoriamente a de contratos de Administracións Públicas.

En caso de modificacións, o Contratista non terá dereito a ningunha variación nos prezos unitarios (excepto polo referido aos prezos novos contradictorios no seu caso), nin a indemnización de ningún tipo por supostos perxuízos que lle podan ocasionar as modificacións no número de unidades de obra ou no prazo de execución.

#### **ARTIGO 9.- DESENVOLVEMENTO E CONTROL DAS OBRAS.**

En xeral, a determinación da orde dos traballos é a facultade do Contratista, salvo aqueles casos en que, por circunstancias de orden técnico, estime conveniente a súa variación a Dirección Facultativa.

O Contratista está obrigado a inspeccionar e estudar o emprazamiento das obras e os seus arredores, accesos, natureza e resistencia do terreo e condicións hidrográficas, natureza dos traballos a realizar, materiais e medios necesarios considerando a realidade física existente e na que se vai a apoiar a nova obra e, en xeral, toda a información precisa para a execución do proxecto en prazo e coste.



David Vázquez Rodríguez

Idénticas condicións e obrigas serán de aplicación aos posibles subcontratistas e/ou suministradores de elementos, equipos ou materiais.

Será responsabilidade do Contratista, durante toda a execución da obra, a conservación de todos os puntos topográficos materializados no terreo debendo repoñer á súa costa tódolos que por necesidade, accidente ou erro fosen eliminados, deteriorados ou desplazados, o que deberá comunicar por escrito ao Director.

Ningún traballo poderá ser iniciado sin que previamente por parte do Director se comprobe e aprobe o correspondente replanteo. Esta aprobación non exime ao Contratista da súa responsabilidade na execución das obras, de modo que en caso de perxuízos ocasionados por erros de replantexo realizados polo Contratista serán subsanados a cargo de éste na forma que se indique polo Director.

O Contratista queda obrigado a facilitar ao Director cantos datos lle sexan requeridos sobre procedencia dos materiais, mostras (en número necesario para os fins que se precise), datas de adquisición, condicións de homologación, etc.

Os ensaios de control serán realizados en tódolos casos por laboratorios homologados en cada material ou unidade, elexido polo Director de Obra, e os seus resultados comunicados directamente polo laboratorio ao Director, sin perxuízo de que unha copia dos mesmos lle sexa remitida simultaneamente ao Contratista.

Os gastos de control correrán por conta do Contratista ata o límite do dous por cento (2%) do presuposto total do Proxecto. O citado 2% do presuposto de licitación para gastos de control de calidade, xa está incluído nos respectivos prezos unitarios, de proxecto ou do contrato de obras.

O laboratorio de control realizará o seu traballo a partir das comunicacións, ben do Director de Obra, ben do propio Contratista sobre os días e unidades a executar debendo remitir ao Director de Obra os resultados obtidos no menor prazo posible, con tódalas aclaracións e comentarios que estime procedentes.

Previamente á execución de calquera proba ou ensaio, tomas de mostras, etc., se lle comunicará con suficiente antelación á Dirección de Obra para a súa asistencia si o estima procedente.

David Vázquez Rodríguez

Durante a execución das obras o Contratista ven obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade necesarias, especialmente as recollidas no Plan de Seguridade aprobado.

**ARTIGO 10.- CERTIFICACIÓN E ABONO DAS OBRAS.**

As obras serán medidas e valoradas mensualmente tomando como base os planos de construción da obra (incluíndo no seu caso as modificacións aprobadas), salvo que no contrato se estableza un prazo distinto. As citadas valoracións, a orixe, realizadas polo Director con presenza do Contratista si éste o estima necesario ou conveniente, servirán de base para a redacción de certificacións mensuais.

Todos os abonos que se efectúen pola Propiedade en pago das certificacións serán a boa conta e a aprobación e abono das certificacións non supón aprobación nin recepción das obras que comprenden. A este respecto, nas certificacións mensuais sóo poderán incluírse unidades de obra das que non existan razóns para presumir a súa inadecuación ou rechazo final.

Nas certificacións realizaranse as deducións que procedan ao Contratista nos términos previstos no contrato ou acordados durante a execución (p. ex. honorarios por Dirección de Obra; medios ou materiais dispostos por aportación da Propiedade, etc.).

As obras executadas en menor medición que o previsto no proxecto abonaranse pola súa medición real ós prezos correspondentes.

**ARTIGO 11.- OBRAS EN EXCESO, INCOMPLETAS OU DEFECTUOSAS.**

As obras en exceso sobre o Proxecto non necesarias e as que o Contratista realízase para a súa comodidade ou mellor execución doutras unidades ou que teñan carácter de auxiliares para a execución serán de conta do propio Contratista si se considera polo Director de Obra que, á vista das circunstancias pode ser asumible a súa non demolición.

Sin embargo, si tales obras en exceso poden perxudicar algunha característica da obra final (seguridade, funcionalidade ou condicións de uso, estética, etc.) haberán de ser demolidas na súa totalidade polo Contratista á súa conta.

Para o abono de calquera unidade incompleta ou defectuosa, pero aceptable a xuízo do Director, éste determinará o prezo ou partida de abono en función do previsto no presente Prego, no seu caso, e despois de oír ao Contratista. Éste deberá aceptar a

resolución do Director salvo que prefira, estando dentro do prazo de execución, terminar a obra con arreglo ás condicións do Proxecto, sin exceder de dito prazo e aínda que isto supoña demolición e nova reconstrución de unidades de obra ou elementos á súa conta.

**ARTIGO 12.- PRAZO DE GARANTÍA DAS OBRAS E INSTALACIÓNS.**

O prazo de garantía será o establecido no correspondente contrato de obras (non inferior a 1 ano) ou o que obrigue a lexislación ou normas específicas. Non obstante, si algún fabricante ou suministrador de produtos, equipos, materiais ou instalacións empregados na obra ampliase de forma xeral e/ou particular para calquera elemento ou unidade as súas garantías con respecto ao prazo establecido, o Contratista virá obrigado a manter dita garantía polo maior prazo ofertado, nas condicións que se fixen na mesma.

**ARTICULO 13.- CONSERVACIÓN DAS OBRAS.**

Durante a execución o Contratista estará obrigado a conservar as obras. Unha vez finalizadas as obras e ata a recepción das mesmas, o Contratista está obrigado á súa conservación pola súa conta.

Durante o prazo de garantía establecido, será responsable da conservación nos términos previstos no contrato e, unha vez agotado o prazo de garantía, durante un mínimo de quince anos por posibles vicios ocultos.

**ARTIGO 14.- TRABALLOS, OBRAS E UNIDADES NON ESTIPULADOS EXPRESAMENTE.**

É obrigación da contrata o executar canto sexa necesario para a boa construción e aspecto das obras, aínda cando non se encontre expresamente determinado nos documentos de Proxecto, sempre que, sin separarse do su espírito e recta interpretación, o dispoña o Director de Obra dentro dos límites de posibilidades que os presupostos habiliten para cada unidade de obra e tipo de execución.

En defecto de especificación no Prego de Condicións particulares, entenderase que require reformado de proxecto con consentimento expreso da Propiedade, toda variación que supoña incremento de prezos de algunha unidade de obra en máis do 20 por 100 ou do total do presuposto en máis de un 10 por 100.

**ARTIGO 15.- TRABALLOS DEFECTUOSOS E VICIOS OCULTOS.**

David Vázquez Rodríguez

O Constructor/instalador debe empregar os materiais que cumpran as condicións esixidas no Prego de Condicións e realizará todos e cada un dos traballos contratados de acordo co especificado tamén en dito documento.

Por elo, e ata que teña lugar a recepción definitiva do edificio, é responsable da execución dos traballos que contrataron e das fallas e defectos que nestos podan existir pola súa mala execución ou pola deficiente calidade dos materiais empregados ou aparatos colocados, sin que lle exonere de responsabilidade o control que compete ao Director de Obra, nin tampouco o feito de que estos traballos foran valorados nas certificacións parciais de obra, que sempre se entenderán extendidas e abonadas a boa conta.

Como consecuencia do anteriormente expresado, cando o Director de Obra advirta vicios ou defectos nos traballos executados, ou que os materiais empregados ou os aparatos colocados non reúnen as condicións preceptuadas, xa sexa no curso da execución dos traballos, ou finalizados éstos, e antes de verificarse a recepción definitiva da obra, poderá dispoñer que as partes defectuosas sexan demolidas e reconstruídas de acordo co contratado, e todo elo a expensas da contrata.

En cunto ós posibles vicios ocultos, si o Director de Obra tuvese fundadas razóns para crer na existencia de vicios ocultos de construción nas obras executadas, ordenará efectuar en calquera tempo, e antes da recepción definitiva, os ensaios, destructivos ou non, que crea necesarios para recoñecer os traballos que supoña defectuosos, dando conta da circunstancia á Propiedade. Os gastos que se ocasionen serán de conta do Constructor, sempre que os vicios existan realmente, en caso contrario serán a cargo da Propiedade.

#### **ARTICULO 16.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.**

Si por incumprimento do prazo ou por calquear outra causa imputable ao Contratista a Propiedade resólvese o contrato farase o recoñecemento, medición e valoración xeral das obras, non tendo neste caso o Contratista máis dereito que o de que se inclúan na valoración as unidades de obra totalmente terminadas co arreglo ao Proxecto, ós prezos do mesmo ou aos contradictorios aprobados no seu caso.

David Vázquez Rodríguez

O Director das obras poderá optar porque se inclúan tamén os materiais acopiados que lle resulten convenientes para unha posterior continuación da obra, aos prezos que se establezan de mutuo acordo entre as partes.

Si o saldo da liquidación efectuada resultase negativo responderá en primeiro lugar a fianza e a continuación a maquinaria e medios auxiliares propiedade do Contratista quen en todo caso se compromete a saldar a diferenza, si existiese.

Ferrol, xuño de 2.016

David Vázquez Rodríguez

# PRESUPOSTO

## Presuposto Xeral

### Unidade de suministro de combustible

Situación: Sector III, Polígono Industrial Río do Pozo, Narón

Promotor: Escola Politécnica Superior de Ferrol (A Coruña)

#### C.I CAPÍTULO I. REDE DE EVACUACIÓN DE AUGAS.

N/P	CONCEPTO	Nº Uds.	Largo	Ancho	Ao/Peso	Uds.	P. Unit.	Importe
1.1.	Ud de arqueta sumidoiro ISS-53 de 12 cm de ancho, incluso reixa na zona de carga de combustible					6,00	72,00	432,00
1.2	M.I. de canaleta perimetra na zona de suministro de combustible de 15x20 cm prefabricada con reixa de fundición reforzada.					35,90	68,00	2.441,20
1.3	Ud. de arqueta de paso ISS-51, según plano detalle.					8,00	68,00	544,00
1.4	MI baixante de PVC de 100 mm diámetro na marquesina					11,00	8,00	88,00
1.5	Ud. arqueta de pe de baixante incluso ramal de conexión.					2,00	68,00	136,00
1.6	Ud. de arqueta de 60x60cm incluso tapa, sifónica.					1,00	68,00	68,00
1.7	Ud. arqueta rectangular sobre boca de home de dimensións 1,00x1,20x1,20 m, incluso tapa de fundición.					2,00	420,00	840,00
1.8	MI de tubo de PVC enterrado de 160 mm en conexión a pe de baixante de arqueta, incluso p.p de codo de unión.					42,00	15,00	630,00
1.9	Ud. Separador de hidrocarburos Fiberglass ou equivalente que garantice un vertido inferior a 5 ppm.					1,00	1.944,00	1.944,00
1.10	Ud. de pozo de rexistro circular de aros de formigón de 14cm de espesor e 1m de diámetro, tapa aro fundición.					1,00	280,00	280,00
1.11	Ud. conexións interiores á rede de pluviais e residuais					2,00	200,00	400,00
<b>TOTAL CAPÍTULO I.</b>								<b>7.803,20</b>

David Vázquez Rodríguez

**C.II CAPÍTULO II. FIRMES Y PAVIMENTOS.**

N/P	CONCEPTO	Nº Uds.	Largo	Ancho	Al/Peso	Uds.	P. Unit.	Importe
2.1	Ml bordillo prefabricado de 15x30 cm, de formigón asentado sobre capa de formigón con cintado do mesmo.					25,00	10,50	262,50
2.2	M2 pavimento T-2 de 21 cm de espesor medio, formigón HA-25P, armado con mallazo 15x15x6 mm, sobre capa de zahorra, fratasado, pulido e aserrado xuntas, incluso tratamento superficial con cuarzo e cemento. Zona carga, descarga, aspiradores					93,20	21,00	1.957,00
2.3	M2 solera de hormigón HA-25P, de 10 cm de espesor, sobre capa de zahorra de 20 cm de espesor, extendida, nivelada y compactada.	1,00	8,00	1,80			14,40	207,36
2.4	M2 pavimento hormigón HA-25P armado con mallazo, de 20 cm de espesor en nuevos accesos a la parcela.						21,00	0,00
<b>TOTAL CAPÍTULO II.</b>								<b>2.423,86</b>

**C.III CAPÍTULO III. ABASTECIMIENTO, FONTANERÍA E APARATOS SANITARIOS.**

N/P	CONCEPTO	Nº Uds.	Largo	Ancho	Al/Peso	Uds.	P. Unit.	Importe
3.1	M.I. Alimentación en tubería 50 Mm polietileno para contraincendios					1,00	570,00	570,00
3.2	Ud. de hidrante colocado no exterior da parcela.					1,00	380,00	380,00
<b>TOTAL CAPÍTULO III.</b>								<b>950,00</b>



---

**C. IV CAPÍTULO IV. INSTALACIÓNS MECÁNICAS**

---

N/P CONCEPTO	Nº Uds. Largo Ancho Al/Peso	Uds.	P. Unit.	Importe
4.1 Uds. Tanques de 30.000 litros, de dobre corpo, con detector de fugas, para instalar sin cubeto.		2,00	4.500,00	9.000,00
4.2 Uds. surtidor multiproducto de catro mangueras, electrónicos, instalados e con conexións, mecánicas, eléctricas e informáticas.		1,00	3.400,00	3.400,00
4.3 Instalación mecánica en tubería de polipropileno, codos, pezas especiais, totalmente instalada para descarga, alimentación a surtidores e recuperación de gases e ventilacións en aceiro.		1,00	1.850,00	1.850,00
4.4 Uds. de bocas antiderrame e para conexión de recuperación de gases.		2,00	210,00	420,00
<b>TOTAL CAPÍTULO IV.</b>				<b>14.250,00</b>

---

**C.V CAPÍTULO V. INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS.**

N/P	CONCEPTO	Nº Uds.	Largo	Ancho	Al/Peso	Uds.	P. Unit.	Importe
1	Ud. línea derivación individual conductor RZ1 0,6/1Kv de 4(1x16)					1,00	385,00	385,00
2	Ud. cadro xeral distribución e protección para alumeado e forza, en paneis independentes según esquema en estación de servizo					1,00	1.400,00	1.400,00
3	Ud. caixa homologada para contadores activa e reactiva					1,00	635,00	635,00
4	Ud. P.A de rede xeral de terras con cable de 35mm <sup>2</sup>					2,00	680,00	1360,00
5	Ud. carrete toma de terra extensible, incluso arqueta.					1,00	260,00	260,00
6	Ud. línea alimentación motores surtidores en manguera armada					5,00	65,00	325,00
7	Uds. líneas de alimentación a ordenadores surtidores, ídem.,					5,00	45,00	225,00
8	Ud. línea alimentación alumeado surtidores, ídem.					5,00	58,00	290,00
9	Ud. punto de luz en edificio, conductores de 750V baixo tubo plástico flexible, mecanismos empotrados Simón.					32,00	18,00	576,00
10	Ud. proyector estanco LED PHILIPS BBP400 1xECO151-3S/657 DM 127.0W					4,00	527,00	2.108,00
11	Ud. luminaria de emerxencia PHILIPS BBS560 1xLED-EL/WH 4.0W					1,00	322,00	322,00
12	Ud. Luminaria estanca PHILIPS WT460C L1300 1xLED42S/840 O 33.0W					1,00	446,00	446,00
13	Ud. luminaria exterior estanca PHILIPS BGP333 T25 1xECO151-3S/757 A/60 127.0W					1,00	1.208,00	1.208,00
14	Ud. toma de corrente Simón 31 tipo Schuko 2x16A.					6,00	22,00	132,00
15	M.I. de canalización con 4 tubos de PVC de 110 mm de diámetro					3,00	18,00	54,00
16	M.I. de canalización con 2 tubos de PVC de 110 mm de diámetro					12,00	15,00	180,00
17	M.I. de canalización con 2 tubos de PVC de 125 mm de diámetro					15,00	16,00	240,00
18	M.I. canalización para sinais e informática de tanques					8,00	11,00	88,00
19	P.A canalización para teléfonos.					12,00	11,00	132,00
<b>TOTAL CAPÍTULO V.</b>								<b>10.366,00</b>

**C.VI CAPÍTULO VII. VARIOS, CONTRA INCENDIOS**

N/P	CONCEPTO	Nº Uds.	Ancho	Uds.	P. Unit.	Importe
6.1	Ud. extintor contra lumes de 4,5 Kg. de CO2.			1,00	48,00	48,00
6.2	Ud. extintor contra lume de 9 Kg. polvo seco			1,00	59,00	59,00
6.3	Ud. extintor contra lume de 50 Kg. polvo seco 89b 144b.			1,00	120,00	120,00
6.4	Ud. caixa forte para empotrar modelo Gasolinera II de btv, homologada para EE.SS.			1,00	980,00	980,00
6.5	Ud. xogo de medidas de 5 y 10 l.			1,00	520,00	520,00
6.6	Ud. xogo de carteis, cas normas según R. D., instalados en lugar visible.			1,00	260,00	260,00
6.7	Ud. xerador de aerosol Dynameco EFGA 300 gr			6,00	569,14	3.414,84
<b>TOTAL CAPÍTULO VI.</b>						<b>5.401,84</b>

**C.VII CAPÍTULO VII. SINALIZACIÓN**

N/P	CONCEPTO	Nº Uds.	Largo	Ancho	Al/Peso	Uds.	P. Unit.	Importe
7.1	M2 aplicación de pintura blanca reflectante sinalización horizontal, incluso flechas delimitacións bordillos e paso de cebra					40,00	20,00	800,00
7.2	Ud. sinais reglamentarias, poste de aceiro galvanizado de 1,5 m, sinal reflectante, colocadas según se indica nos planos					4,00	91,00	364,00
<b>TOTAL CAPÍTULO VII.</b>								<b>1.164,00</b>

**C.VIII CAPÍTULO VIII. VARIOS.**

N/P	CONCEPTO	Nº Uds.	Largo	Ancho	Al/Peso	Uds.	P. Unit.	Importe
8.1	Medidas de seguridade e saúde nas obras. Medidas de seguridade a ter en conta durante a execución das obras					1,00	1270,77	1270,77
<b>TOTAL CAPÍTULO VIII.</b>								<b>1250,37</b>

**TOTAL IMPORTE EXECUCIÓN MATERIAL**

**43.629,67**

David Vázquez Rodríguez

## PRESUPOSTO XERAL

C.I Rede de evacuación de augas	7.803,20
C.II Firmes e Pavimentos	2.423,86
C.III Abastecemento, Fontanería e Aparatos Sanitarios	950,00
C.IV Instalaciones Mecánicas	14.250,00
C.V Instalaciones Eléctricas	10.366,00
C.VI Varios, Contraincendios.	5.401,84
C.VII Sinalización	1.164,00
C.VIII Seguridade e Saúde nas Obras	1.270,77
<b>IMPORTE DE EXECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>43.629,67</b>
13 % Gastos Xerais	5.671,86
6% Beneficio Industrial	2.617,78
Importe de Execución	51.919,31
IVA 21 %	10.903,06
<b>IMPORTE DE CONTRATA</b>	<b>62.822,37</b>

Sesenta e dous mil oitocentos vinte e dous con trinta e sete.

Ferrol, xuño de 2016

David Vázquez Rodríguez